

Memoria

Erasmus+ Flensburg

Llara Mejuto Mosteiro 24-25



MEMORIA ERASMUS+ 2024-2025 FLENSBURG

Martes, 27 de maio de 2025

Xornada de observación na **Flensburg Forest Kindergarten**:

- Visitamos o bosque onde se sitúa a escola.
- Fixemos un encontro e presentación co grupo de crianzas e educadoras.
- Acompañamos ao grupo durante toda a xornada no bosque.
- Visitamos a cabaña onde se resgardan cando van condicións moi adversas. Fixemos o peche da xornada na cabaña.

Esta escola na que estivemos ten 3 educadoras que atenden a 18 crianzas de entre 3 e 6 anos. Pasan a xornada no bosque onde xogan con materiais naturais, chova ou faga sol soamente empregan o refuxio se a temperatura baixa de -7°C ou se as condicións son moi extremas. A observación fíxose a finais de primavera e pasou toda a xornada chovendo. Contan cunha cabana lonxe da zona principal de xogo onde se refuxian cando as condicións adversas non permiten desenvolver as actividades no exterior.

Mércores, 28 de maio de 2025

Xornada de observación na **Denmark Forest Kindergarten (Sondborg)**:

- Visitamos o bosque e a praia onde se sitúa a escola.
- Fixemos un encontro e presentación co grupo de crianzas e educadoras.
- Acompañamos ao grupo durante toda a xornada no bosque.
- Visitamos as cabañas onde se resgardan cando vai mal tempo.
- Fixemos unha xuntaza de despedida do grupo no bosque.

Esta escola segue o mesmo patrón que a anterior pero teñen tres barracóns que fan de cabana para resgardarse e comer cando as condicións son moi adversas. O horario das escolas é de 7 a 14,00. Fan unha pequena comida sobre as 12,00. En ambas escolas o xogo é totalmente libre e son as crianzas as que deciden a que e con que xogar. Faise unha pequena assemblea pola mañá onde se fala do tempo, se organiza a xornada, "pásase lista", e cantan algunha canción.

Ambas escolas son de iniciativa privada

Xoves, 29 de maio de 2025

Xornada de formación teórico – práctica e posta en común.

- Recibimos información sobre a experiencia, pedagogía e metodoloxía das escolas no bosque.

- Puxemos en común o recollido nas xornadas de observación nas escolas.
- Resolvemos dúbidas e compartimos impresións.
- Pola tarde fixemos un obradoiro práctico con Thomas Wittich.
- E pechamos a formación cunha posta en común.

Deixo un enlace onde se pode atopar información de interese sobre pedagogía verde e aprendizaxe ao aire libre:

<https://outlearn.eu/>